RUTA DE AS ÍNSUAS DO MIÑO

Tipo de percorrido: Circular
Lonxitude: 4,5 km
Duración estimada: 1,5 horas aprox.
Dificultade: Baixa

Pequena ruta circular dunha lonxitude de algo menos de 5 km e de escasa dificultade, na que percorreremos as denominadas Insuas do Miño (illas que se forman no leito do río). Atopámonos nun espazo natural protexido de alto valor ambiental, que forma parte da zona núcleo de Reserva da Biosfera «Terras do Miño» e da Zona Especial de Conservación (ZEC) «Parga-Ladra-Támoga».
A ruta parte da fonte da Pinguela situada na marxe esquerda do río Miño, antes de cruzar a Ponte Vella de Rábade, marabillosa ponte medieval do século XIV con arcos oxivais. Dende aquí seguimos un antigo carreiro de pescadores río arriba, baixo a sombra das árbores de ribeira como ameneiros, freixos e bidueiros. O percorrido permite coñecer algunhas destas illas, como a Ínsua Pequena e a Ínsua de Santa Mariña (tamén chamada de Abaixo), cuxos interiores poden percorrerse grazas a pequenas pontes de madeira que as comunican. A máis grande é a coñecida como Ínsua de San Roque, que é de acceso restrinxido. No noso percorrido atravesaremos antigos camiños agrarios, verdes zonas de pasteiros e bosques autóctonos de carballos e acivros.
Tamén poderemos ver elementos etnográficos singulares como o caneiro e muíño de Felpás, ou a antiga Fonte da Pinguela.
Atópase ben conservado e debidamente sinalizado, con paneis interpretativos que nos permitirán coñecer a rica flora, fauna, hábitats e paisaxes da Reserva da Biosfera «Terras do Miño».
O tramo que diiscorre dende a ponte de O Pedragoso á Ponte Vella de Rábade é coincidinte coa ruta do Camiño do Miño.



Pequeña ruta circular de una longitud de algo menos de 5 km y de escasa dificultad, en la que recorreremos las denominadas Insuas do Miño (islas que se forman en el lecho del río). Nos encontramos en un espacio natural protegido de alto valor medioambiental, que forma parte de la zona núcleo de Reserva de la Biosfera «Terras do Miño» y de la Zona Especial de Conservación (ZEC) «Parga-Ladra-Támoga».
La ruta parte de la fuente de A Pinguela situada en el margen izquierdo del río Miño, antes de cruzar el puente de Rábade, maravilloso puente medieval del siglo XIV con arcos ojivales. Desde aquí seguimos un antiguo sendero de pescadores río arriba, bajo la sombra de los arboles de ribera como alisos, fresnos y abedules. El recorrido permite conocer algunas de estas islas, como la Insua Pequena y la Insua de Santa Mariña (también llamada de Abajo), cuyos interiores pueden recorrerse gracias a pequeños puentes de madera que las comunican. La más grande es la conocida como Insua de San Roque, que es de acceso restringido. En nuestro recorrido atravesaremos antiguos caminos agrarios, verdes zonas de pastizales y los bosques autóctonos de robles y acebos.
También podremos ver elementos etnográficos singulares como el caneiro y molino de Felpás, o la antigua Fuente de A Pinguela.
El sendero se encuentra bien conservado y debidamente señalizado, con paneles interpretativos que nos permitirán conocer la rica flora, fauna, hábitats y paisajes de la Reserva de la Biosfera «Terras do Miño».
El tramo que discurre desde el puente de O Pedragoso al Puente de Rábade es coincidente con la ruta Camiño do Miño.

A REDE NATURA 2000

Natura 2000 é a rede de espazos naturais á escala da Unión Europea relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre co obxecto de salvagardar os espazos naturais máis importantes de Europa.
Componse de zonas especiais de conservación (ZEC) e zonas especiais de protección para as aves (ZEPA).
O Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia é o instrumento básico para a planificación, ordenación e xestión en rede das zonas ZEC e das zonas ZEPA.
É difícil atopar na provincia de Lugo un só recuncho que non sexa espazo natural. De norte a sur, e de oeste a leste temos infinidade de lugares onde a natureza nos ofrece espectáculos únicos.
O concello de Outeiro de Rei forma parte das Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) PARGA-LADRA-TÁMOGA.

Natura 2000 es la red de espacios naturales a la escala de la Unión Europea relativa a la conservación de los hábitats naturales y de la fauna y flora silvestre con objeto de salvaguardar los espacios naturales más importantes de Europa.
Se compone de zonas especiales de conservación (ZEC) y zonas especiales de protección para las aves (ZEPA).
El Plan Director de la Red Natura 2000 de Galicia es el instrumento básico para la planificación, ordenación y gestión de las zonas ZEC y de las zonas ZEPA.
Es difícil encontrar en la provincia de Lugo una sola esquina que no sea espacio natural. De norte a sur, y de oeste a este tenemos infinidad de lugares donde la naturaleza nos ofrece espectáculos únicos.
El municipio de Outeiro de Rei forma parte de las Zonas de Especial Protección de los Valores Naturales (ZEPVN) PARGA-LADRA-TÁMOGA.









AS ÍNSUAS DO MIÑO

Nesta área a evolución do leito do río Miño deu lugar a múltiples meandros divagantes que finalmente orixinaron INSUAS (illas). A máis grande, a ínsua de San Roque, presenta unha lonxitude de 5 quilómetros e un ancho de 220 metros. Durante o inverno, unha parte importante da insua permanece baixo as augas, e durante a primavera e o outono, co descenso do nivel da auga, un sistema de canais ramificado, conecta os leitos fluviais principais. A insua alberga diversos tipos de bosques de inundación e bosques climácicos, e unha importante representación de flora acuática con comunidades ligadas a ríos oligotróficos. Son destacadas as comunidades de grandes espadanais que no período estival poden invadir os canais onde son frecuentes as poboacións de Luronium natans Rafin e Margaritifera margaritifera (mexilón de río) cando se atopan conectados cos grandes leitos. No seu extremo meridional, o bosque de inundación foi substituído por prados húmidos con aproveitamento gandeiro, que na actualidade presentan una mestura heteroxénea de herbáceas.

En esta área la evolución del cauce del río Miño ha dado lugar a múltiples meandros divagantes que finalmente han originado INSUAS (islas). La mayor, la isla de San Roque, presenta una longitud de 5 Kilómetros y una anchura de 220 metros. Durante el invierno, una parte importante de la isla permanece bajo las aguas, y durante la primavera y el otoño, con el descenso del nivel del agua, un sistema de canales ramificado, conecta los cauces fluviales principales. La isla alberga diversos tipos de bosques de inundación y bosques climácicos, y una importante representación de flora acuática con comunidades ligadas a ríos oligotróficos. Son llamativas las comunidades de grandes espadañales que en el periodo estival pueden invadir los canales donde son frecuentes las poblaciones de Luronium natans y Margaritifera margaritifera (mejillón de río) cuando se encuentran conectados con los grandes cauces. En su extremo meridional, el bosque de inundación ha sido sustituido por prados húmedos con apro vechamiento ganadero, que en la actualidad presentan una mezcla heterogénea de herbáceas.







RUTA DE AS ÍNSUAS DO MIÑO

UN PERCORRIDO POLOS
ESPAZOS NATURAIS
DE OUTEIRO DE REI